

galicia



Amunim!!!

unha Comedia Musical...
para chupar os dedos!

Unidade didáctica

ACTIVIDADE
DE DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA CON:

AVENTO


falaRedes
programa de dinamización lingüística

Fondo de
Dinamización
Lingüística

Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

INDICE

1. *Introdución*
 - 1.1 *Quen somos?*
 - 1.2 *O espectáculo*

1. *Obxectivos didácticos*
 - 2.1. *Obxectivos didácticos xerais*
 - 2.2. *Obxectivos didácticos concretos*

2. *Contidos*

3. *Actividades*
 - 4.1. *Antes de ver o espectáculo*
 - 4.2. *Durante o espectáculo*
 - 4.3. *Despois de ver o espectáculo*
 - 4.3.1 *Actividades de expresión oral*
 - 4.3.2 *Actividades de plástica*
 - 4.3.3 *Actividades de expresión corporal e musical*
 - 4.3.4 *Actividades de lóxica e psicomotricidade*
 - 4.3.5 *Experimentamos*

5. *Anexos*

1. Introducción

1.1 Quen somos?

Avento Producións Teatrais é unha compañía que conta cunha traxectoria de máis de 30 anos e cuxo principal obxectivo é o de facer do teatro unha actividade de uso habitual e necesario na vida das persoas.

A través dos seus espectáculos defende que o feito teatral ten que ter un peso específico tanto no ocio dos adultos como na formación, aprendizaxe e divertimento dos máis pequenos, polo que leva o teatro a todos os lugares de exposición habituais pero, sobre todo, a eses espazos onde está a desaparecer na actualidade: a escola, as vilas pequenas...

A compañía entende que o teatro ten que ser unha ferramenta de grande utilidade na aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e adultos. Un ente motivador e transmisor do coñecemento pero sen esquecer o compoñente de divertimento e ocio que debe ter o teatro para toda clase de público.

Para iso, os espectáculos de Teatro Avento Producións teñen distintos compoñentes. Na actualidade Avento é unha das únicas compañías de Galicia que aposta polo teatro musical en galego, de mediano-gran formato, para nenos e público familiar.

Dende a súa profesionalización, a compañía dedicouse a pór na escena galega adaptacións de contos populares, con música orixinal, e sobre todo cun selo característico da compañía, que é o de crear os seus espectáculos pensando non só nos pequenos, senón tamén nos pais, para que tanto uns coma os outros poidan desfrutar en familia e levar unha mensaxe para a casa.



Ilustración 1 Imaxe do espectáculo O mago de Oz de Teatro Avento Producións

Titulos como O Mago de Oz, Hansel e Gretel, Aladino e a lámpada marabillosa ou O libro da selva son algún exemplo de obras que a compañía adaptou con grande éxito de público e de crítica.

Tamén destacan os títulos propios como Polo meu aniversario superpoderes, Como sobrevivir a unha apocalipse zombie e Ummm!! Unha comedia musical para chupar os dedos. Esta última foi destacada como a obra máis valorada polo público no primeiro semestre de 2019 na programación do Concello de Vigo, tamén foi seleccionada para a Feira Galicia Escena Pro dese mesmo ano e converteuse en finalista ao mellor espectáculo infantil nos premios do Teatro María Casares.

Con esta mesma obra a compañía realizou unha pequena xira nacional coa que presentou esta comedia en cidades como Valencia, Sevilla, Málaga, Gijón, Ponferrada, Navalcarnero e Madrid.

*Cabe destacar tamén que Teatro Avento Producións é a única compañía galega que adaptou ao noso idioma un espectáculo de Broadway, para o que contou coas licencias e dereitos outorgados polos propios responsables da obra en Estados Unidos. Trátase de *The Fantásticks*, o musical máis popular do Off Broadway, que se mantivo en cartel máis de corenta anos, co que se converteu no musical máis representado da historia.*

Avento Producións é unha das compañías residentes da Sala Ártika de Vigo, onde leva realizado máis de trescentas funcións para colexios nas campañas escolares que ten a sala, con todos os seus espectáculos infantís .



Ilustración 2 Imaxe do musical "Aladino e a lámpada marabillosa" de Teatro Avento Producións

1.2 O espectáculo

Sinopse

A pastelería de Dona Remedios ten cada vez menos clientes porque a súa dependenta Ana só sabe facer boliños de crema. Para facer fronte a este problema, Dona Remedios decide contratar un novo axudante capaz de achegar novas ideas e facer os doces que a xente está a demandar nestes días.

O problema é que, ás veces, esas novas ideas da cociña moderna poden entrar en conflito co bo facer máis clásico de Ana.



Valores

Voces en directo, Tap Dance, unha imaxe coitada e o humor son os ingredientes da nova comedia musical de Teatro Avento Producións.

Mesturando estes ingredientes quérese transmitir unha mensaxe clara: a importancia do traballo en equipo e da educación no diferente, porque non só o que coñecemos é o mellor. Temos que aprender a apreciar a variedade do noso mundo e a abrir a nosa mente, porque as cousas non son só como nos pensamos que deben ser.



2.1 Obxectivos didácticos xerais

Para a compañía Teatro Avento Producións, o obxectivo principal é enganchar tanto a público pequeno como adulto ao xénero maravilloso que é o teatro. Que saian do espectáculo con ganas de volver, que se divirtan ante todo; se, ademais, podemos deixarlles pequenas achegas no seu corazón, mel nas filloas, como por exemplo:

- *Escoitar e comprender textos adaptados á idade á que vai indicado o espectáculo.*
- *Comprender un fío argumental simple.*
- *Estimular a capacidade creativa dos nenos e nenas.*
- *Aprender a observar, emocionarse e desfrutar dun espectáculo teatral.*
- *Buscar a implicación das familias dentro da aprendizaxe global dos nenos/as.*
- *Estimular a capacidade de atención a través do desenvolvemento dos sentidos.*
- *Crear a necesidade de que a arte, en xeral, forme parte das vidas dos nenos/as.*
- *Coñecer o protocolo para asistir a un espectáculo.*
- *Fomentar o desenvolvemento de actitudes de respecto e de empatía cara aos demais.*
- *Promover o amor pola lingua galega.*

2.2 Obxectivos didácticos concretos

- *Ser capaz de facer unha descrición máis ou menos detallada fronte aos compañeiros/as.*
- *Mellorar a nosa capacidade de escoita e atención*
- *Ampliar o noso vocabulario.*
- *Realizar unha composición plástica, tanto de maneira colectiva como individual.*
- *Aprender a facer receitas saudables.*
- *Potenciar o traballo en grupo e a curiosidade vital.*
- *Fomentar actitudes de respecto ao diferente.*
- *Valorar a presenza dos compañeiros e o traballo en equipo.*
- *Coñecer e valorar o tradicional.*
- *Ser capaz de adaptarse a novas formas de traballar.*
- *Comprender que o tradicional e o moderno poden ir da man.*
- *Buscar novos sabores*
- *Estimular a creatividade e a imaxinación.*

3. Contidos

- *Diferenciación entre cociña tradicional e moderna.*
- *Colorea o teu propio doce.*
- *Os ingredientes.*
- *Como facer un biscoito de limón.*
- *Normas básicas de comportamento no teatro.*
- *Actividades para a expresión despois da representación.*
- *Creamos un muffin con plastilina.*
- *As cores: De que cor é cada alimento?*
- *Actividades de expresión corporal e música:*
 - *Bos días*
 - *Os números*
- *Practicamos a grafomotricidade.*
- *Xogo simbólico dos pasteiros.*
- *Experimentamos: obradoiro de cociña.*

4 Actividades

4.1 Antes de ver o espectáculo

- Diferenciar entre cociña tradicional e moderna (Anexo 1)

Ensinámoslles dúas imaxes de cociña aos nenos e nenas. Unha mostrará un plato tradicional e a outra un plato moderno. Preguntámoslles cal dos dous lles gusta máis e por que. Tamén se probaron ese prato algunha vez, se lles gustou ou non e que é o que destacarían do seu sabor.

Que digan cal lles gusta máis esteticamente, e se o probaron algunha vez, e cal lles gustou máis de sabor.

- Colorea o teu propio doce (Anexo 2)

Imprimimos cada debuxo en A3. Aqueles que elixiron imaxes de cociña tradicional colorean o debuxo correspondente; os da cociña moderna, colorean a imaxe que a representa.

Creamos un mural con todos os debuxos e creamos a nosa propia pastelería con doces modernos e tradicionais. Que opinan da variedade do establecemento? Pensan que é mellor que nunha pastalaría teña doces de diferentes estilos ou, pola contra, pensan que é mellor que só teña tradicionais ou modernos?

- Os ingredientes: (Anexo 3)

Faremos unha assemblea falando sobre os diferentes ingredientes que se poden utilizar para cociñar, onde os podemos atopar, as cores a forma de cada un deles.

Despois da assemblea, mostramos imaxes dalgúns dos ingredientes que se poden atopar na cociña. Recoñecen a imaxe? Poderían indicar que doce se pode crear coa axuda dese ingrediente?

- Como facer un biscoito de limón.

Co obxectivo de traballar a educación nutricional cos rapaces e rapazas á vez que nos divertimos, imos a crear unha merenda saudable.

Durante a preparación da receita, os nenos e nenas pódennos axudar pesando os ingredientes, axudando a bater ou engadindo os ingredientes nun bol mentres que nós os mesturamos. Para unha boa educación alimenticia é importante que, dende pequenos, os nenos estean familiarizados cos alimentos, que noten as súas texturas e sabores e vexan como algo habitual que usamos alimentos sans e de tempada como nesta receita.

Despois podemos aproveitar o tempo da degustación do biscoito para escoller xuntos os almozos saudábeis da semana: froita, froitos secos, unha porción de biscoito, un bocadillo de pan artesán...

Ingredientes:

*1 iogur de limón (o vaso usarase como medida)
medidas de azucre
1 medida de aceite de xirasol
3 ovos
Raspadura de limón ou 5 culleradas de zume de limón
2 medidas e media de fariña
1 medida de améndoa moída
1 sobre de lévedo*

Realización:

Baleiramos o iogur nun recipiente o suficientemente profundo como para poder mesturar nel o resto de ingredientes. Engadimos o azucre e mesturamos.

Despois incorporamos o aceite e remexemos todo.

Cando teñamos unha mestura homoxénea, engadimos os ovos (un a un) mesturando ben.

Incorporamos a raspadura, o zume de limón e, para rematar, a fariña e a améndoa. Engadimos cada medida por separado, cando a primeira medida de fariña estea ben integrada, engadimos a seguinte ata rematar con todo. Finalmente engadimos o sobre de lévedo.

Introducimos a mestura no molde elixido untado con manteiga e salpicado con fariña.

Só queda metelo no forno, prequecido a 180° durante 45 minutos.

TEATRO AVENTO PRODUCCIONES

Ummm!!
Una Comedia Musical...
para chupar los dedos!



4.2 Durante o espectáculo

Debemos lembrarllles aos nenos e nenas as normas básicas de comportamento mentres participamos no espectáculo.

Neste espectáculo poden participar cantando e bailando dende as súas butacas, pero cómpre aprenderlles como facelo sen molestar os compañeiros e compañeiras que teñan ao lado.



4.3 *Despois de ver o espectáculo*

4.3.1 *Actividades de expresión oral:*

- ***Lembramos os personaxes e comentamos que lle pasa a cada un***

Facemos un repaso do argumento entre todos/as e preguntamos cales eran os personaxes desta historia:

A pasteleira Ana, o novo axudante Lito, o velliño e Dona Remedios.

- *Por que Ana non quere a axuda de Lito?*
- *Por que Lito quere modernizar a pastelería?*
- *A pastelería de Dona Remedios ten moita variedade de doces?*
- *Probaches algunha vez un boliño de crema?*
- *Que prefires, os Boliños de crema ou os muffings?*

- ***Final alternativo***

- *Que ocorre na pastelería cando Ana e Lito aprenden a traballar xuntos?*
- *Que che gustaría que ocorrese?*

Facemos unha posta en común e temos que elixir un dos finais entre todos/as.

4.3.2 Actividades de expresión plástica:

- Creamos un muffin con plastilina

Utilizando plastilina de diferentes cores, cada neno e nena crea o seu propio muffin.



- De que cor é cada alimento? (Anexo 4)

Escoitamos a canción das cores e despois pintamos cada un dos elementos coa súa cor correspondente.

- Que outras froitas e alimentos coñeces ti que sexan desas mesmas cores?

4.3.3 Actividades de expresión corporal e música

- *Cantamos a canción “Bos días”.*

*Aprendemos e cantamos a canción “Bos días”, incluída no CD da obra Ummm!!
Unha comedia musical... para chupar os dedos. Letra da canción:*

*Bos días, bos días,
o sol volve saír
e a pastelería
de novo volve abrir.*

*Bos días, bos días,
a lúa xa marchou
os doces saen do forno,
o almorzo comezou.*

*Bos días, bos días,
o sol volve saír
e a pastelería
de novo volve abrir.*

*Bos días, bos días,
a lúa xa marchou,
espertan os clientes
o son do espertador*

*Que ben comeza o día
cantando esta canción
Se ben comeza o día
seguirá moito mellor.*

- Canción “Os números”

Escoitamos a canción dos números, incluída no CD da obra Ummm!! Unha comedia musical... para chupar os dedos e intentamos lembrar os números e recrear co noso corpo a súa forma.

*Aínda que pareza complicado
e cheguemos a tolear,
os números están en todos lados,
só temos que observar*

Xuntos imos aprender

a contar do 1 ao 10

Pon atención, escoita ben.

Se o facemos xuntos fácil é

O 1 é recto coma un pau,

o dous un pato moi delgado,

o 3 unha serpe é,

e o 4 unha cadeira ao revés.

5 son os dedos da man

e o 6 ten fame e come pan,

7 semella ser un bastón,

8 as lentes de Ramón.

E case sen darnos conta

chegamos ao 9 e ao 10

e o que parecía complicado

se o facemos xuntos fácil é.

4.3.3 Actividades de lóxica e psicomotricidade.

1. Practicamos a grafomotricidade (Anexo 5)

Practicamos a grafomotricidade con varias fichas de alimentos e flores.

2. Xogo simbólico dos pasteiros

Os nenos e nenas converteranse en pasteiros neste xogo simbólico e crearán unha torta de chocolate para aprender a contar, recoñecer as formas e as cores.

Para esta manualidade divertida, orixinal e moi educativa, precisamos os seguintes materiais:

- *Cartolinas marróns en dúas cores*
- *Papel de seda branco*
- *Cola branca*
- *Pegamento en barra*
- *Goma Eva*
- *Tixeiras*
- *Platos de dous tamaños (para utilizar como moldes) ou compás*
- *Lápis.*

Paso 1: imos comezar cociñando o noso pastel. Coa axuda do prato de menor tamaño, debuxaremos na cartolina máis clara dous círculos iguais. Recortaremos e gardaremos.

Paso 2: agora colleremos o papel de seda branco e faremos pelotas de papel (todas do mesmo tamaño). Canto máis grandes sexan as pelotas de papel, máis grande será o noso pastel de chocolate.

Paso 3: coa cola branca, pegaremos o papel de seda sobre un dos círculos de cartolina marrón. O papel de seda branco vai ser o recheo da nosa tarta. É moi importante que todo o círculo quede completamente cuberto de papel branco, unha vez estea toda a base rechea de nata, poremos un pouco de cola branca cubrindo o papel de seda e colocaremos a outra parte da torta (o outro círculo de cartolina marrón). Para que todo quede ben pegado e a torta sexa do mesmo tamaño, podemos colocar un libro grosso enriba mentres vai secando.

Paso 4: Colaremos a torta sobre un prato. Este prato farémolo con goma Eva e utilizaremos de molde un prato máis grande que é o que utilizamos como molde da torta. Debuxaremos a súa forma coa axuda dun lapis e recortaremos.

Mentres a torta vai collendo forma, imos cociñando máis chocolate para decorala. Coa cartolina de marrón máis escuro e as tesoiras cortaremos tiras que despois pegaremos sobre a nosa torta coa axuda do pegamento de barra.



Agora que xa temos o noso pastel e a súa base lista, imos crear os ingredientes cos que decoraremos e aprenderemos xogando:

- *Se temos perforadoras con diferentes formas (círculo, mazá, flor, cadrados...) imos utilízalas para crear as formas dos ingredientes cos que decoraremos a nosa torta. Se non temos, cunha tesoirá recortaremos a goma eva de diferentes cores dándolles nós mesmos a forma que desexemos.*
- *Cada forma ten que ter unha mesma cor que a identifique: triángulo amarelo, cadrado vermello, mazá verde... Deste xeito poderemos identificar cada un dos elementos para contalos e así aprender mentres xogamos. A través deste xogo podemos aprender a contar e diferenciar cores e formas.*



4.3.4 Experimentamos

Obradoiro de cociña

Para facer un obradoiro de cociña temos varias posibilidades:

- *Podemos facer un obradoiro e crear receitas frías con alimentos da horta ou froitas: espeto de froitas, ensalada vexetal etc.*
- *Se contamos cun pequeno forno, podemos facer receitas máis elaboradas, como galletas con avea e canela, croissants recheos de marmelo ou un biscoito de noces e pasas.*
- *Tamén podemos implicar as familias e que traian un doce que se faga na súa casa ou o que máis gusten os seus fillos/as para compartilas coa clase.*
- *Para recompilar todo o traballo feito podemos elaborar un libro coas receitas que cociñamos na clase ou que probamos das familias invitadas.*

TEATRO AVENTO PRODUCCIONES

Ummm!!
Una Comedia Musical
para chupar los dedos!

Anexos

Anexo 1

Diferenza entre cociña tradicional e moderna:




Anexo 2

Colorea: Muffin de repostería moderna




Anexo 2

Colorea: *Torta ou biscoito feita na casa con ingredientes saudáveis*




Anexo 2

Colorea: Donuts industrial



Anexo 2

Colorea: Galletas feitas na casa con receita tradicional e ingredientes saudáveis




Anexo 3

Os ingredientes




Anexo 3 : As cores

O LIMÓN É DE COR ...



LIMÓN


AS GERREIXAS SON DE COR ...



GERREIXAS


Anexo 3 : As cores

ALGODÃO



O ALGODÃO É DE COR ...


CEU




O CEU É DE COR ...

Anexo 3 : As cores

O CHOCOLATE É DE COR ...



AS LARANXAS SON DE COR ...



CHOCOLATE

LARANXAS


Anexo 3 : As cores

MELÓN



A PEL DO MELÓN É DE COR

AMORRODOS




OS AMORRODOS SON DE COR

Anexo 5 : Practicamos a grafomotricidade.


O un recto
coma un pau

O dous un pato
moi delgado

Anexo 5 : *Praticamos a grafomotricidade.*



O tres unha serpe é




O catro unha cadeira do revés

Anexo 5 : Practicamos a grafomotricidade.

5

O cinco son os
dedos dunha man

●	●	●	●	●




5 5 5 5 5

6

O seis ten fame
e come pan

●	●	●	●	●
●				



6 6 6 6 6

Anexo 5 : *Practicamos a grafomotricidade.*

O sete semella
ser un bastón

●	●	●	●	●
●	●			


7 7 7 7 7

Oito son as
lentes de Ramón

●	●	●	●	●
●	●	●		


8 8 8 8 8

Anexo 5 : Practicamos a grafomotricidade.




O nove semella ser un caracol


●	●	●	●	●
●	●	●	●	



9 9 9 9 9



O cero parécese a un ovo



0 0 0 0 0